



ACTA DA MESA SECTORIAL DO 16 DE NOVEMBRO DE 2018

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos
Jorge Aboal Viñas.- Director xeral de Asistencia Sanitaria
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo
María Jesús Rúa Moure.- Subdirectora xeral de Selección e Políticas de Persoal
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Manuel Díaz López.- Xefe do Servizo de Selección Temporal
Javier García Caeiro.- Xefe do Servizo de Relacións Laborais
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Begoña Peiteado Garrido (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Marina Tallón Garrido (CESM-O'MEGA)
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Antonia Méndez-Benegassi Gamallo (CESM-O'MEGA)
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)
Emilia Lamas Seoane (CC.OO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Carmen García Rivas (SATSE)
María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)
María Pilar Oviedo González (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:00 h. Hora de remate: 16:20 horas.

Asistentes: Os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación das actas de sesións anteriores.
- 2.- Bases do procedemento para a selección temporal de persoal facultativo especialista de área.
- 3.- Proposta de flexibilización do desfrute dos días de libre disposición ordinarios e adicionais correspondentes ao ano 2018 ata o 31 de marzo do ano 2019.
- 4.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada.
- 5.- Proxectos de ordes de integración no réxime estatutario de persoal laboral de entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade e de persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

6.- Información sobre o acordo da Fundación Urgencias Sanitarias Galicia-061 e a Xunta de Persoal do 061 con motivo do cambio de centro de traballo ao centro integral de emerxencias da Estrada.

7.- Comisión técnica de eleccións sindicais no Servizo Galego de Saúde.

8.- Rogos e preguntas.

1.- Lectura e aprobación das actas de sesións anteriores

Neste punto revísanse as actas das sesións celebradas nas datas do 2 de agosto de 2017 e do 13 de xuño, 15 de xuño, 6 de xullo, 20 de xullo e 16 de outubro de 2018.

Respecto da primeira delas, por petición de CIG engádese un inciso final ao primeiro parágrafo do punto 5 da acta (recollido na páxina 9), referente á súa intervención e que queda con esta redacción: "(...) e non á ACIS.". Por instancias da mesma organización, na acta do 20 de xullo de 2018 modifícase o último inciso da súa intervención recollida no punto 4 (páxina 4), que queda coa seguinte redacción: "(...). O traballo social debería depender directamente da xerencia, e non da coordinación de admisión".

Respecto das restantes actas non se formula ningunha obxección.

Así pois e logo de incorporar os cambios mencionados, apróbanse as actas das devanditas sesións.

2.- Bases do procedemento para a selección temporal de persoal facultativo especialista de área

A subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico fai unha recapitulación das reunións e os avances experimentados na comisión técnica constituída nesta materia, enunciando os cambios que se incorporaron ao texto trala última xuntanza da comisión o 5 de xullo de 2008 e que figuran no documento remitido ás OOS o 14 de novembro pasado. A directora xeral de Recursos Humanos destaca o elevado nivel de consenso acadado no documento e a súa singular importancia para o colectivo de especialistas, polo que pide o respaldo da Mesa Sectorial e así



poder acelerar os prazos de publicación no DOG e de apertura de listas, na procura de fidelizar a estes profesionais. A continuación ábrese unha rolda de intervencións:

- CIG felicita á Administración polo documento, considerando que se trata dun fito histórico. Con todo, mantén algúns reparos: o sistema debería aplicarse para todos os nomeamentos, tamén aos de duración inferior a 45 días (e en calquera caso a duración debe analizarse na súa globalidade); a entrevista non pode esixir unha puntuación mínima e, en todo caso, entrevista e memoria deben ser excluíntes entre si; en canto ás listas subsidiarias, solicita que caiba renunciar ao nomeamento cando conste a nova dispoñibilidade de aspirantes.

- CESM-O'MEGA valora as bases moi positivamente, pois supoñen un gran avance. Manifesta as súas obxeccións ao límite dos 45 días; respecto aos postos con características específicas, deben ser taxados e definidos a nivel central, non polas xerencias, e ofertados logo ao persoal fixo do servizo; a entrevista acéptase sempre e cando non teña carácter excluínte; pide que se modulen os cambios de distrito.

- CCOO aplaude que por fin se acaden estas bases, que considera un inicio cara á aplicación final dos mesmos pactos de selección temporal a todos os profesionais do SERGAS, sen distincións. Como valoracións particulares e principiando polo límite dos 45 días, máis que o número de días, preocúpalle a casuística específica do nomeamento, debe eliminarse o termo “previsible” e facer referencia á duración total; tamén lle preocupa a subxectividade no establecemento dos postos con características específicas e rexeita que a entrevista poida esixir unha puntuación mínima; en canto á composición das comisións de avaliación, non poden formar parte delas os superiores directos do profesional avaliado. Polo demais, amósase de acordo co contido do documento.

- UGT amosa a súa satisfacción polo importante avance que supoñen estas bases. Con todo, discrepa da introdución da entrevista -debería abondar co currículo- e de que poida ter carácter excluínte; as comisións de avaliación deben estar conformadas necesariamente por profesionais de varias áreas. Solicita a inclusión dunha quenda de promoción interna.

- CSIF considera imprescindible que se suprima a limitación dos nomeamentos inferiores a 45 días ou, cando menos, que se module o dito límite. O procedemento específico de selección debería ser aprobado pola comisión periférica correspondente. En relación con isto e por petición



de CSIF, a Administración fai constar que a puntuación obtida -de ser o caso- na entrevista non se consolida.

- SATSE alude á demora histórica en chegar a este pacto, polo que só resta poñelo en marcha. Amósase en desacordo con que non haxa unha lista de promoción interna, como na selección fixa. Critica a terminoloxía previa á Lei de Ordenación de profesións sanitarias (“persoal facultativo especialista de área”), ao que a Administración responde que se actualizará na redacción final do documento.

A directora xeral de Recursos Humanos recapitula os temas nos que as OOSS fixeron fincapé, concluíndo a existencia de puntos nos que resulta moi complicado acercar posturas e outros nos que pode haber achegamentos que leven ao acordo, que poderían plasmarse ben no propio documento ou ben na acta de fin de negociación; e exponos.

Logo dunha nova rolda de intervencións as partes acordan ratificar o documento remitido ás OOSS o pasado 14 de novembro, coas seguintes modificacións:

- Ámbito de aplicación (páx.1): Suprímese o inciso “coa excepción dos nomeamentos con causa nas ausencias por vacacións e substitucións de duración previsible igual ou inferior a 45 días”. Deste xeito, o pacto aplicarase a calquera tipo de nomeamento temporal, con independencia da súa duración.

- Punto 2.3, postos con características específicas: O primeiro parágrafo (páx. 4) queda redactado da seguinte forma: “Cando as necesidades concretas que se pretendan cubrir, ou as especificidades e técnicas propias de determinados postos en unidades de referencia así o xustifiquen, coa debida motivación, previa autorización conxunta das direccións xerais de Asistencia Sanitaria e de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e logo de informar á respectiva Comisión periférica de seguimento do Pacto, a xerencia ou dirección poderá realizar un procedemento específico de selección no que se requira determinada experiencia ou formación previa nalgunha ou nalgunhas áreas específicas de actividade da correspondente categoría e/ou especialidade”.

Suprímese (páx.5) “Poderá fixarse unha puntuación mínima para superar esta fase de entrevista e/ou memoria”. Co que se elimina o carácter eliminatorio da hipotética entrevista.



- Funcións da comisión de valoración (páx. 6): A terceira das funcións queda redactada da seguinte forma: “- Dar traslado á xerencia correspondente da acta, coa debida motivación, coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes na entrevista e/ou memoria”.

- Engádesse un punto 5 ao documento (“vixencia e denuncia”), coa seguinte redacción: “O presente pacto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. No demais será plenamente aplicable o réxime de vixencia e denuncia previsto na norma xeral I.3 do vixente Pacto de selección temporal (DOG do 30 de xuño de 2016)”.

Á marxe e de xeito complementario ao exposto, na acta de peche de negociación incorpórase unha epígrafe de “Outros acordos”, na que se recollen os seguintes:

“1.- Nas futuras negociacións do sistema de selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria, avansarase na aproximación da estrutura e ponderación do baremo (punto 2.2 das bases) á que se aplica nos procesos de selección temporal das restantes categorías estatutarias.

2.- O Servizo Galego de Saúde impulsará as medidas precisas (de ordenación da actividade, de formación e outras) para que sexa o persoal fixo o que atenda as necesidades concretas, especificidades e técnicas propias ás que alude o punto 2.3 das bases (procedemento específico de selección de persoal temporal).

3.- Trala entrada en vigor das listas elaboradas en aplicación destas bases para a respectiva categoría/especialidade, será de plena aplicación o previsto no artigo 39 (orde de cesamentos) do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde”.

Coas modificacións e os acordos transcritos, as partes aproban o *Pacto sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria*, co voto favorable de todas as organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial agás SATSE, que se abstén.



3.- Proposta de flexibilización do desfrute dos días de libre disposición ordinarios e adicionais correspondentes ao ano 2018 ata o 31 de marzo do ano 2019

A subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico alude aos antecedentes dos anos 2016 e 2017, que contaron co respaldo desta Mesa Sectorial, para estender o período de desfrute ata o 31 de marzo do ano posterior. Polo que, con base na favorable acollida tanto por parte dos profesionais como dende o punto de vista organizativo da devandita medida (ao evitar a concentración do goce de permisos durante o período de nadal), a Administración sanitaria propón novamente a flexibilización do desfrute dos días de libre disposición ordinarios e adicionais do ano 2018, para que se poida gozar deles ata o vindeiro 31 de marzo.

As organizacións amosan o seu parecer conforme coa proposta, ben que matizando outros aspectos relacionados con ela. Así, consideran que a medida non pode servir de escusa ás xerencias para denegar as solicitudes no período de nadal, co pretexto de que se poden pedir os días ata marzo; tamén fan fincapé en que se motiven debidamente as denegacións e que sexan informados delas os órganos de representación nas respectivas áreas. Finalmente, abundan en que este criterio debería aprobarse con carácter permanente, para que non teñan que pronunciarse cada ano ao respecto. Neste punto, a Administración indica que se valorará a posibilidade de estender a medida con carácter indefinido.

Logo do cal acórdase, co voto favorable de todas as organizacións sindicais, que tanto os días ordinarios de libre disposición como os días adicionais de libre disposición por antigüidade, correspondentes ao ano 2018, poidan desfrutarse ata o 31 de marzo de 2019.

4.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada

A directora xeral de Recursos Humanos indica que, malia que se trata dun asunto de máxima relevancia para a Administración, este punto foi introducido na orde do día por proposta das OOSS, polo que lles dá a palabra:

- CIG manifesta que hoxe mesmo remitiu un documento exactamente idéntico a outro presentado no ano 2010, para subliñar que xa fixeron todas as propostas que podían facer para normalizar a aplicación dos acordos do 2008 en materias como os plans funcionais, equipos asistenciais, obxectivos (critica que se utilice a derivación hospitalaria como indicador, posto que non mide



nada), aspectos retributivos suspendidos (que noutros sectores da Administración se retomaron e deron lugar a recentes incrementos), dietas, equipos de protección individual (EPIs), a xornada e o seu cómputo, etcétera.

- CESM-O'MEGA salienta que nos meses transcorridos de reunións coa Administración, a través da comisión constituída ao efecto, non se produciu ningún avance. Para a coalición é capital o tema do cómputo da xornada nos PAC.

- CCOO súmase ao dito e tamén salienta que non se lle dese aínda ningunha resposta formal ás reivindicacións do comité de folga.

- UGT considera prioritario o cómputo da xornada, criticando que se mesture a liquidación económica coa xornada propiamente dita. E, sen prexuízos dos demais temas reivindicados, resulta asemade prioritaria a recuperación do 20% dos incrementos retributivos suspendidos polas leis de orzamentos.

- CSIF aprecia que as partes atascáronse no tema do aplicativo de xornada, cando hai outros asuntos que tamén son importantes e dos que non se coñece aínda ningún avance por parte da Administración, caso dos EPIs, equipos de profesionais, dietas, etcétera.

- SATSE lamenta a actitude manifestada pola Administración ata o de agora, criticando que se constituíse unha comisión técnica baleira de contido. Con todo, considera que é na Mesa Sectorial onde debe abordarse e dar solución á precariedade dos profesionais e iniciar a recuperación de dereitos, como xa está a acontecer noutros colectivos e sectores da Administración.

A directora xeral de Recursos Humanos entende difícil soste unha negociación formal cando hai unha nova folga convocada e, en todo caso, advirte de que hai puntos das reivindicacións nos que esta Administración non pode entrar. Lembra neste punto a importancia do acordo da carreira profesional, que se considerou un tema prioritario para todos, e os novos incrementos que se materializarán no 2019 mediante as leis de orzamentos (suba do 2,25% para todos os profesionais, percepción do 100% das retribucións durante a IT, etc.). E outro tanto acontece co cómputo da xornada: a Administración ten confirmado que o aplicativo funciona correctamente e é fiel reflexo do acordado no 2008, agás nalgún tipo de ausencia (o que en todo caso se está a

corrixir); polo que se neste punto realiza unha proposta, estará a conceder máis do que o acordo de PACs estritamente determina.

Si está disposta a valorar o tratamento doutras materias, mesmo algunha medida que non figura na táboa reivindicativa pero que se pode estudar e que redundaría na mellora das condicións dos PACs, como a posibilidade de establecer un sistema de gardas localizadas ou a de introducir un vínculo estable para cubrir reforzos e ausencias acumuladas. Mais isto precisaría do apoio da Mesa Sectorial, ao apartarse da literalidade da tipoloxía de nomeamentos temporais existentes.

Respecto aos aspectos asistenciais das reivindicacións, toma a palabra o director xeral de Asistencia Sanitaria, que indica que aquelas postulan a retirada de criterios de derivación hospitalaria dos obxectivos do ADX. Sobre este particular, lembra que un indicador desta natureza non vén establecido polos servizos centrais do organismo, senón que se introduce no ámbito das xerencias cos xefes de servizo (nos denominados ADX-S -ADX de servizo-); pero que calquera indicador de calidade ou de actividade debe ser pactado, non imposto.

Logo dun intercambio de valoracións coas OOSS, o director xeral comprométese a dar instrucións aos xerentes das EOxIs lembrando a necesidade de negociar e pactar os distintos indicadores (tanto os de resolución como os de actividade asistencial) cos profesionais, a través dos xefes de servizo; así como a que se retire calquera criterio de derivación hospitalaria e se substitúa por outro indicador/es acordado/s nos respectivos servizos.

Respecto aos restantes aspectos comentados, por proposta da Administración acórdase celebrar unha Mesa Sectorial extraordinaria para tratalos de xeito monográfico o vindeiro venres, 23 de novembro, sobre a base dun documento de traballo que se entregará na propia sesión.

5.- Proxectos de ordes de integración no réxime estatutario de persoal laboral de entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade e de persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde

A subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico expón as alegacións recibidas, conxuntamente coas correspondentes valoracións da Administración:



a) Respecto á Orde de integración do persoal laboral das entidades públicas adscritas á Consellería (Decreto 91/2007):

- CIG solicita que no anexo de ACIS o posto de persoal laboral administrativo recollido se substitúa polo de técnico superior de xestión - titulado superior non sanitario, de xeito que a categoría estatutaria de homologación sexa a de grupo técnico da función administrativa, e non a de grupo administrativo ata agora reflectida.

Para a Administración non se pode estimar a alegación por varias razóns: non hai neste momento na ACIS prazas de persoal laboral titulado superior non sanitario (do grupo 3 do convenio colectivo de fundacións sanitarias), existe un pronunciamento xudicial firme (da orde social) desde o ano 2008 no que se di que a praza ocupada polo afectado con carácter fixo en virtude dun proceso selectivo é equivalente á categoría de administrativo e, baixo estas premisas e co mesmo contido, realizáronse as anteriores ofertas de integración no réxime estatutario para o persoal laboral da FEGAS, nos anos 2007 e 2014. Ademais é un feito constatado que, á marxe da controversia formulada polo interesado perante a xurisdición social (por modificación substancial das condicións de traballo polo cesamento -por amortización- nun posto de responsabilidade coa perda dos conceptos retributivos inherentes ao dito posto), o devandito traballador nunca manifestou a súa vontade de integrarse no réxime estatutario, e menos nunha categoría concreta e diferente á ofertada ata o de agora. Polo que, de ser ese o seu interese e unha vez que a nova oferta de integración se publique, o profesional debe empregar as canles de discusión que o ordenamento lle brinda.

- CCOO pide corrixir o anexo de ADOS, para que determinados profesionais se poidan integrar no grupo técnico da función administrativa. Porén, trátase realmente de técnicos que desempeñan as súas funcións no laboratorio, non no ámbito administrativo; de aí que a categoría estatutaria de homologación sexa a de persoal técnico superior.

- CSIF interesa que se reduza a dous meses o prazo de resolución das solicitudes de integración. Trátase dun prazo máximo que non implica a necesidade de esgotalo, de feito, a Administración pretende emitir as resolucións coa maior brevidade posible; e en todo caso cos efectos económicos do 1 de xaneiro de 2019. Aclárase asemade, respecto a outras alegacións de CSIF, que o réxime no que se encadra esta integración é o establecido no Decreto 91/2007, do 26 abril, quedando resoltas neste calquera tipo de dúbida respecto ás categorías homologables (das que



está excluído o persoal do ciclotrón), os efectos da integración (así como da non integración) ou os conceptos retributivos aplicables.

- SATSE reclama que se integren no réxime estatutario as prazas ocupadas por persoal non fixo, dándolle a oportunidade de solicitar o acceso á carreira profesional. Aínda que non se explicita literalmente no texto da orde, coa referencias normativas que esta incorpora xa se producen os efectos solicitados por SATSE.

b) En canto á orde de integración do persoal funcionario e laboral de hospitais (Decreto 447/1996):

- CIG solicita que se inclúan na relación de prazas da EOXI de Ourense, Verín e O Barco do anexo os postos de auxiliar de psiquiatría, susceptibles de integrárense na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría. Non é posible, pois son postos de persoal laboral do Convenio Colectivo Único da Xunta que non entran no ámbito de aplicación desta orde; ademais, respecto a este persoal estase a negociar no ámbito da función pública un procedemento de integración no réxime funcional.

- CSIF formulou alegacións similares ás da outra orde, que son aclaradas substancialmente nos termos xa expostos e tomando como referencia o teor do Decreto 447/1996, do 26 de decembro, dado que non se trata de negociar as condicións da integración, senón de abrir unha nova oferta de integración baixo as premisas xa regulamentadas. Á marxe diso, aclárase que na relación de prazas da EOXI da Coruña determinados postos da cociña teñen que homologarse na categoría de pinche, por careceren os interesados da titulación esixida para acceder á de cociñeiro/a.

Logo da análise das alegacións, péchase a negociación de ámbolos proxectos e procederase a iniciar a súa tramitación normativa.

6.- Información sobre o acordo da Fundación Urgencias Sanitarias Galicia-061 e a Xunta de Persoal do 061 con motivo do cambio de centro de traballo ao centro integral de emerxencias da Estrada

A subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico resume o máis salientable do dito acordo e expón que hai varios temas que precisan ser negociados e aprobados na mesa sectorial, concernentes aos seguintes aspectos:



- Que o persoal estatutario fixo afectado e que opte a destinos en Santiago de Compostela poida obter unha puntuación adicional nos concursos de traslados que se convoquen, ata que resulte adxudicatario dun deles.
- Unha modificación do pacto de selección temporal que recolla a posibilidade de ofertar un nomeamento de longa duración ao persoal temporal que, no momento do cambio de centro de traballo á Estrada, estea a desempeñar un vínculo de longa duración na FPUSG-061.
- Un proxecto de procedemento de itinerarios profesionais que permita que o persoal médico coordinador e médico asistencial da FPUSG-061 poida optar a outros destinos de áreas funcionais homoxéneas. Isto precisaría que o Ministerio de Sanidade autorizase previamente unha proposta de inclusión no catálogo homoxéneo de equivalencias, regulado polo Real Decreto 184/2015, en virtude da cal a categoría de médico/a coordinador/a do 061 se homologase coa categoría de referencia de médico/a de familia.

Para os citados efectos, a Administración presentará cadansúa proposta na Mesa Sectorial no prazo de tres meses.

As OOSS realizan as súa valoracións sobre o exposto:

- CIG interésase polo deseño dese procedemento de itinerario (a Administración responde que a solución concreta -e a propia viabilidade do itinerario para este colectivo- dependerá da resposta do Ministerio), salientando que as condicións do itinerario deberán ser as mesmas que para os outros colectivos médicos afectados, sen distincións nin privilexios.
- CESM-O'MEGA expón que esta coalición non asinou o acordo do 061 e considera que, dentro do sistema, non pode haber colectivos con regulación distinta.
- CCOO entende que o acordo excede as competencias da xunta de persoal, no entanto, ve que hai unha mellora no concepto de gastos de desprazamento compatible coa percepción do complemento de carreira para o persoal afectado, polo que pide o mesmo marxe de negociación para mellorar as condicións doutros colectivos. No plano dos itinerarios, considera que pode haber problemas se o Ministerio recoñece a homologación co persoal médico de familia.
- UGT manifesta que cando se negociaron os itinerarios profesionais xa defendeu a súa aplicación para todos os colectivos, sen restricións nin distincións, pois todos os traballadores deben ter

dereito ao itinerario. Polo que, se a resposta do Ministerio mellora a situación do persoal do 061, pedirá a súa extensión tamén para o resto do Sergas.

- CSIF aprecia no acordo aspectos interesantes cara a estendelos ao resto de profesionais.
- SATSE sostén que non pode haber discriminacións entre colectivos, e que os beneficios acordados se apliquen por igual para todos os profesionais.

7.- Comisión técnica de eleccións sindicais no Servizo Galego de Saúde

A Administración dá por recibido o calendario trasladado polas OOSS no que respecta ás eleccións para órganos de representación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo da obriga dos promotores de realizar no seu momento as comunicacións oportunas en cada circunscrición electoral; e advirte das dificultades que pode carrexar a nivel loxístico (dispoñibilidade de urnas e cabinas) a coincidencia destas votacións na mesma semana das eleccións municipais e europeas.

Ao igual que nos anteriores procesos, acórdase crear unha comisión central consultiva para o tratamento e seguimento polo miúdo dos diferentes aspectos do proceso electoral, cuxa sesión constitutiva se celebrará o vindeiro 14 de decembro de 2018.

8.- Rogos e preguntas

CIG formula diversas cuestións, preguntando en primeiro lugar pola oferta de emprego de 2018: a Administración adianta que nas vindeiras datas convocarase a mesa para, ben a finais deste mes ou comezos de decembro, aprobar o decreto de oferta correspondente a este ano. CIG tamén se interesa pola cobertura de prazas de matronas dos COF, considerando que deben corresponder a especialistas, e non á enfermaría de coidados xerais; advirte algún problema ao respecto nalgunha xerencia. Solicita que se estendan as gardas localizadas dos días de especial significación a todo o persoal que as realice, igual que aos facultativos. Interesa a creación da categoría estatutaria de técnico/a superior en dietética (A Administración indica que non se está a valorar esta posibilidade, dada a escasa demanda deste tipo de persoal nos centros). Finalmente, pregunta pola elección dos destinos da OPE de persoal licenciado sanitario; a Administración prevé que os actos de elección teñan lugar na segunda quincena de decembro, antes do Nadal; e as tomas de posesión a partir do 15 de xaneiro.



CESM-O'MEGA demanda que o 24 e o 31 de decembro sexan considerados días de especial significación para todo o persoal médico, e fai preguntas sobre a póliza do seguro de responsabilidade civil (a súa contratación e renovación é competencia da Xunta -a través da Consellería de Facenda-) e a oferta de destinos aos adxudicatarios da OPE de técnicos/as de prevención de riscos laborais. Sobre este particular, a Administración indica que é unha cuestión organizativa e que a oferta de destinos realizarase baixo os mesmos criterios que para o resto do persoal do organismo.

CCOO tamén considera que debería tramitarse un decreto de persoal técnico en dietética, e insiste en que se inclúan nas ordes de confección de nóminas as gardas localizadas do persoal técnico e que estas se regulen de xeito uniforme. A Administración non aprecia diferencias significativas entre xerencias e considera que se poden buscar solucións alternativas, pois non é un tema doado.

UGT interésase por cuestións relativas ao cómputo de xornada de determinados permisos nalgún centro e entidade.

SATSE pregunta pola percepción do 100% das retribucións durante os períodos de IT, ao que se lle responde que se fará efectiva coa entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais de 2019.

Unha vez rematado o anterior punto, péchase a reunión ás 16:20 horas.